

BIBLIOTECA ESCOLAR, ESPAZO DE ENCONTROS

Bibliotecas
escolares
de Galicia




SANTIAGO DE COMPOSTELA, 17/03/2017

IES SAN MAMEDE, MACEDA (OURENSE)



CONTEXTO

OFERTA EDUCATIVA	ALUMNADO	PROFESORADO	
ESO	114	36	
BACHARELATO	50	28	Destino definitivo
FPB <i>Informática de Oficina</i>	16	6	Provisionais
CICLO MEDIO <i>Sistemas microinformáticos e redes</i>	27	1	Itinerante
		1	Outros



PLANO DE ORGANIZAÇÃO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

DATA	ATIVIDADE	RESPONSÁVEL	STATUS	REMARKS
01/11				
02/11				
03/11				
04/11				
05/11				
06/11				
07/11				
08/11				
09/11				
10/11				
11/11				
12/11				
13/11				
14/11				
15/11				
16/11				
17/11				
18/11				
19/11				
20/11				
21/11				
22/11				
23/11				
24/11				
25/11				
26/11				
27/11				
28/11				
29/11				
30/11				

Aberto



BIBLIOTECA ESCOLAR

NOVEMBRO

DATA	ATIVIDADE	RESPONSÁVEL	STATUS	REMARKS
01/11				
02/11				
03/11				
04/11				
05/11				
06/11				
07/11				
08/11				
09/11				
10/11				
11/11				
12/11				
13/11				
14/11				
15/11				
16/11				
17/11				
18/11				
19/11				
20/11				
21/11				
22/11				
23/11				
24/11				
25/11				
26/11				
27/11				
28/11				
29/11				
30/11				



BIBLIOTECA

- Constitución do Equipo de Dinamización e Proxecto dende o curso 2010/2011
- Formación: CFR, Xornadas de Bibliotecas, Platega, Encontros PLAMBE, Xornadas de Clubs de lectura
- Desenvolvemento de accións
- Avaliación



ACCIÓN

- Visibilidade
- Inclusión nos documentos organizativos e nas prácticas pedagóxicas
- Servizos de préstamo
- Xestión de compras, catalogación e colocación de fondos
- Formación de usuarios
- Educación documental
- Exposicións de fondos e produtos elaborados polo alumnado
- Club de lectura *Pasamos Páxina*
- Coordinación co EDLG, coa BP e con outras bibliotecas escolares



ENCUENTRO DO PLAN DE MELORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES 2013/2014

SECRETARÍA DE POLÍTICA EDUCACIONAL
SECRETARÍA DE POLÍTICA ADMINISTRATIVA



ESPAZOS E TEMPOS

- Sesións lectivas de Proxecto Interdisciplinar, Lingua Galega e Literatura, Titoría e Lingua Castelá e Literatura
- Recreos
- Mediodía dos luns
- Horas do Equipo de Dinamización da Biblioteca
- Fóra do horario lectivo

ALUMNADO COLABORADOR

Creación do Equipo de Apoio con alumnado voluntario no curso

2012/2013

Participación no Programa de Bibliotecas Solidarias dende o curso

2014/2015

BIBLIOTECAS SOLIDARIAS

Comeza o curso e a biblioteca inicia a súa andaina coa entrega de diplomas ao alumnado colaborador do curso pasado que participou no **Programa Bibliotecas Solidarias**, unha colaboración entre a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.


[Ver imaxes.](#)



Bibliotecas escolares



BE Territorio das artes



ACCIÓN

- Mantemento de fondos
- Servizo de préstamo/devolución
- Prensa
- Cartelería da biblioteca e para a difusión de actividades
- Elaboración de materiais
- Dinamización









HAI EXCOMUNION
E LLEVA ADEU O LANTO
CONTRA QUE...
DE ESTA BIBLIOTECA
BY QUE...
BY...

NEWSPAPER RACK

- SERZOS
- EL PAIS
- La Voz de Galicia
- 300 conductores gallegos
- La Reunion
- La Reunion
- Correos Gallegos



POSTER BOARD

Grid of text and images, possibly a calendar or informational display.







55 CIENCIAS DA TERRA

63 AGRICULTURA GANDERÍA

5 MATEMÁTICAS CIENCIAS NATURAIS

58 BOTÁNICA

51 MATEMÁTICAS

61 MEDICINA SAÚDE

Podes empragar as ordenacións para consultar e catálogo de libros e para buscar información en Internet

...CIO, POR FAVOR

...NAS MESAS

77 FOTOGRAFIA

78 MÚSICA

71 URBANISMO

74 DEBUXO DESEÑO ARTESANÍA

73 ARTES PLÁSTICAS ESCULTURA


CLUB DE LECTURA
2016-17

Porque as historias compartidas saben
mellor



Apóntate na biblioteca xa!

ENTREGA
DE
DIPLOMAS
AO ALUMNADO
COLABORADOR
DA
BIBLIOTECA










MARTES
25 OUTUBRO
2º RECREGO
NA BIBLIOTECA



Gústanche os libros? Pois colabora na biblioteca como
voluntario/a. Podes anotarte nos recreos





domingo, 24 de abril de 2016

EL MUNDO AZUL. AMA TU CAOS

El mundo azul é a última obra de **Albert Espinosa**, publicada na editorial Penguin Random House baixo o selo de Grijalbo. O protagonista conta como, tras ser diagnosticado de cancro terminal, acode a una illa afastada da sociedade. Alí, coñecerá a catro personaxes coa súa mesma sorte. Unha historia na que todos os habitantes da illa permanecen nunha loita continua contra un mundo que intenta rematar co seu ser e cos seus soños, é dicir, co caos interior.

Este libro, seguindo as bases do universo de Albert Espinosa, conta cunha edición especial, na que tanto a cuberta coma a contracuberta nos introducen na historia, un suspiro á vida. A temática segue a ser a mesma que noutros libros do autor: o cancro, a partir do cal aparecen outras temáticas coma a amizade, a busca

Bibliotecas escolares



Pel de lobo é unha novela de **Xosé Miranda** publicada pola editorial Xerais en 2002 na colección Fóra de Xogo. Narra a historia dun rapaz que marcha con seu pai a'O Incio para cazar uns lobos que están a atemorizar a poboación. Estes lobos non son normais xa que non temen a xente nin lles afectan as balas. Nesta viaxe verán como moitas historias que crían lendas se converten en realidade.

Este libro gustoume polo ambiente de misterio e medo que transmite. Isto conséguo, tanto polo contido da narración, como pola súa estrutura xa que nalgunhas ocasións introduce un capítulo cando hai un momento crítico da historia, producindo no lector unha sensación de intriga. En canto á estrutura tamén me gustou o final, xa que aínda que queda aberto e non se sabe exactamente o que aconteceu coa rapaza, si dá pistas sobre o que puido ocorrer. Cabe destacar que, ademais de ser un libro moi entretido, trata temas moi importantes que invitan á reflexión como, por exemplo, a maneira de tratar as mulleres, coma se fosen escravas que non teñen nin voz nin voto. Faino a través das ansias de liberdade dunha rapaza que quere marchar da casa xa que ela non quere ser tratada así, ela quere ser tratada coma se fose un home. Finalmente, mostra que, a pesar de que os humanos queremos destacar sobre o resto de animais pola nosa capacidade de razoamento, hai ocasións en non pensamos e actuamos como animais, solucionando os problemas con guerras e batallas que non levan a ningunha parte.

En conclusión, a novela *Pel de lobo* é interesante se o lector/a goza cos libros de misterio e medo, pero tamén se desexa pensar e reflexionar un pouco sobre temas como as desigualdades entre as persoas, principalmente entre homes e mulleres, ou a forma de actuar dos humanos.

EMMA FARIÑAS CABO, 3º ESO

ENSINO PÚBLICO



Buscar este blog

LINGUA DE NOSO


SERVIZOS DA BIBLIOTECA

As alumnas de 2º ESO A, membros do Equipo de apoio da biblioteca, crearon este titorial para ilustrarnos sobre as zonas, as normas de uso e o servizo de préstamo da nosa biblioteca.


Parabéns polo seu fenomenal traballo.



A música que se escoita é *Wedding Invitation* de Jason Farnham.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS



EL FUEGO EN EL QUE ARDO

El fuego en el que ardo é a primeira novela de Mike Lightwood, blogueiro (www.alasdepapel.com) e youtuber (www.youtube.com/MaikoVlogs) que comparte cos seus seguidores contidos relacionados coa literatura, mediante diferentes iniciativas. Tamén se dedica a traducir ao español distintas novelas, faceta na que xa conta con máis de vinte libros traducidos. O libro trata diferentes temas, como son a homosexualidade, o acoso escolar, a violencia doméstica, a necesidade de amizade, o amor.. Na obra, ambientada na época actual e nun espazo propio de calquera adolescente, Óscar, o protagonista, mostra como os seus compañeiros de instituto comezan a burlarse del no momento en que se decatan de que é gai. Nesta situación, o protagonista ten que soportar situacións totalmente inhumanas, que continúan ao chegar á casa, onde seu pai maltrata tanto a súa nai coma a el. En cambio, vai coñecendo persoas que lle ensinarán que sempre hai luz ao final do túnel.

PASAMOS PÁXINA

Blog das lectoras e lectores do IES San Mamede

viernes, 27 de noviembre de 2015

O XARDÍN ESQUECIDO

Alédanos darvos a coñecer un blogue literario, **O xardín esquecido**, creado por **Uxía Oviedo de Dios**, alumna de 4º ESO, para compartir as súas producións con toda a comunidade educativa. Parabéns.



CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA



BASE DE EXPLORACIÓN



cartel_def_15_petit1.jpg

Mostrar todas las descargas...



13:07
28/01/2016

VALORACIÓN DO ALUMNADO

“Eu síntome alegre cando fago o traballo porque sei que estou axudando a contribuír coa biblioteca. Traballamos para mellorar as cousas. Entre todos os voluntarios axudamos ás bibliotecarias para que así leven menos traballo en facer todo”. José Luis (2º ESO)

VALORACIÓN DO ALUMNADO

“Cando estou na biblioteca pásoo ben, xa que a min gústame facer actividades para axudar. Ao estar detrás do mostrador, síntome importante”. Ineva (2º ESO)

“Paréceme unha actividade divertida. Ademais todo está moi organizado e iso fai que non teña que parar a pensar que facer ou como seguir. Tamén nos axuda a atopar os documentos”. Ana (2º ESO)

VALORACIÓN DO ALUMNADO

“Ao ser encargada da biblioteca apréndese a ser máis ordenado/a, a traballar cos compañeiros en algo que se lles ofrece aos demais e a ser máis responsable polo feito de acordarse de ir nos recreos. A min paréceme un cargo moi interesante e moi entretido”. Sofía (2º ESO)



VALORACIÓN DO ALUMNADO

“ Nós opinamos que está ben axudar na biblioteca voluntariamente xa que todos dispoñemos dos libros que hai nela e de todos os demais servizos que ofrece. Axudamos a forrar os libros para mantelos en bo estado e a organizar actividades para chamar a atención do alumnado cara á lectura, como concursos de curtametraxes ou formularios sobre lecturas para publicar no blogue”. María, Paula e Roi (4º ESO)



VALORACIÓN DO ALUMNADO

“Nos nosos tres anos de voluntariado sentimos que lle axudamos ao profesorado de garda, pero fundamentalmente axudamos a facilitarlle as cousas a toda a xente que vai á biblioteca.

Reconfórtanos saber que fixemos melloras na biblioteca como realizar campañas das novidades, recolocar os libros e mais etiquetar os novos; e non nos supuxo ningunha molestia xa que tan só iamos un recreo á semana.

En conclusión, sacamos moi boas experiencias da actividade e grazas a ela aprendemos a traballar en equipo”. Lucas e Nadia (4º ESO)




VALORACIÓN DO ALUMNADO

“ Dende a nosa chegada ao instituto colaboramos na biblioteca. Esta experiencia sérvenos para poder contribuír cun servizo que consideramos fundamental e unha boa maneira de difundir o coñecemento e as ansias de lectura entre o alumnado.

Colaboramos realizando vídeos titoriais e nos recreos realizamos préstamos e ordenamos os materiais.

Ademais axudamos ás profesoras que adican o seu tempo á biblioteca, xa que na nosa opinión hai que apoiar estes proxectos e contribuír a que todos nos poidamos seguir nutrindo dos recursos que nos achega”.
Emma, Estela, Lucía e Uxía (1º BAC)

AULA CONVIVENCIA



A bulletin board mounted on the wall, featuring several posters. The most prominent one is a blue poster with a large quotation mark and the text "DECLARACION DE INTERES DE LA COMUNITAT DE BARCELONA DEL 2011" and "2011-2012". It includes an image of a building's dome. To its right is a white poster with a grid of text.



VALORACIÓN DO PROFESORADO

- Dinamiza este espazo do Centro.
- Implica o alumnado no coidado e xestión dos recursos que compartimos
- Forma en valores.
- Achega o coñecemento sobre como está organizada unha biblioteca para que calquera alumna/o sexa quen de moverse con soltura en calquera outra biblioteca á que acceda.
- Fomenta no alumnado a asunción de responsabilidades e o interese pola lectura.

VALORACIÓN DO PROFESORADO

- Pon en valor o labor das bibliotecas.
- Favorece o compromiso do alumnado co Centro e co seu funcionamento
- Crea vínculos entre a comunidade educativa.
- O alumnado recibe unha certificación de horas realizadas como voluntario que pode incluír no seu currículum.
- O equipo da Biblioteca recibe unha colaboración desinteresada que permite ao profesorado adicarse a outras actividades máis específicas

VALORACIÓN DO PROFESORADO

- Resulta satisfactorio comprobar que as rapazas e rapaces lle dan valor a esta actividade e se achegan á biblioteca para mellorar o seu funcionamento sentíndose parte do proxecto e asumindo responsabilidades como algo natural.
- É moi positivo ver como se senten contentos cando son capaces de facer tarefas (préstamos, colocación, etiquetado...) fronte ao resto de compañeiros/as.

CONCLUSIÓN

- Actividade satisfactoria para o alumnado participante.
- Recoñecemento na comunidade educativa dos valores adquiridos e do traballo realizado.
- Necesidade de persoas mediadoras que fomentan a participación, planifican, acompañan e supervisan o traballo do voluntariado.
- Períodos lectivos, recreos e fóra do horario laboral.

